

A outra dimensión

Un día fai 100 anos, Lucas, un neno de familia corrente, ía todos os días a por leña ao bosque, ata que ese día... encontrouse a unha persoa sentada no chan! Era unha nena! El, confundido, preguntoulle:

- Cal é o teu nome? Eu chámome Lucas.
- Carlota, chámome Carlota -respondeulle.
- Atópaste ben Carlota? -preguntou Lucas.
- Non, a miña familia deixoume aquí, non sei onde están, só sei que foron vivir a outro país -contestou a nena preocupada e moi triste.

Seguiron falando un rato, ata que o neno preguntou:

- Queres vir á miña casa? Podo preguntarlle aos meus pais, seguro que che deixan quedar con nós.
- Vale! Pero mañá teño que ir á miña casa para ver se de verdade non están os meus pais -contestou Carlota algo máis animada.

Foron camiñando á casa de Lucas, de camiño, recolleron algo de leña, tardaron un rato. Cando chegaron, os pais de Lucas preguntaron:

- Quen é esta rapaza? É a túa amiga?
- Si, é a miña amiga Carlota. A súa familia deixouna aquí e quero axudarlle -contestou Lucas.
- Bueno, non creo que teñamos ningún tipo de problema en tela aquí durante uns días -dixo a nai.
- Non quero causar molestias -respondeu a nena.
- Supoño que podes quedar aquí ata que atopes aos teus pais, aquí non molestas -dixo o pai.
- Bueno, imos ao meu cuarto a xogar, a que hora baixamos para cear? -preguntoulle Lucas aos seus pais.
- Baixade ás nove, teredes preparada a cea para esa hora -respondeu a nai.

Pasaron un rato xogando, despois baixaron para cear e foron durmir. Á mañá seguinte, a nena tomou unha froita e marchou. Non estivo moito tempo fora, porque nin os seus pais, nin a súa casa, nin as súas cousas estaban alí. Cando a nena regresou, Lucas propúxolle:

- Se che apetece, podemos buscar outro día, hoxe teño algo para ti, aquí tes este vestido, seguro que estás guapísima con el.

- Moitas grazas Lucas, mañá podemos saír á mañá en busca dos meus pais e das miñas cousas -respondeu Carlota.

- Se queres, podemos levar comida e facer un pícnic no bosque, teño unha cesta para métela -dixo Lucas.

- Paréceme xenial, podemos levar tamén algún libro para algún rato de descanso -propuxo Carlota.

Esa noite durmíronse cedo para estar ben espertos á mañá seguinte e preparar todo o necesario: roupa, comida, libros e auga (na cesta meteron todo), xa estaban listos para saír!

Foron camiñando e camiñando ata chegar ao sitio no que estaba a casa de Carlota. Lucas estivo observando o lugar e veu a unha muller vestida de negro cuns prismáticos, contoullo a Carlota e resulta que era a súa tía. Acercándose a ela e preguntaron pola familia de Carlota.

- Non vos podo contar moito, pero envíanme os teus pais para saber o que facías. Eles non están aquí, e as túas cousas tampouco están, como xa puidiches ver. Nunca estiveron aquí, ao traerte, pasaches por un túnel máxico que che trouxo -contoulles a tía de Carlota.

- Pero entón, onde vivía eu antes? -preguntou a nena confundida.

- Pois noutra dimensión, onde era todo moi parecido, pero non igual -respondeulle a súa tía.

- E por que vivía alí? -preguntou Carlota aínda máis confundida.

- Pois porque...porque os teus pais...os teus pais non son...non son deste mundo! -dixo a tía, compadecéndose da nena.

- E se non son deste mundo, por que me abandonaron aquí? -preguntou a nena.

- Porque xa non podían coidarte, porque no seu mundo non permitían ter fillos maiores de 8 anos porque hai unha sobre poboación e dixéronche que ían a outro país, pero era porque non lles permiten contar nada sobre ese lugar. Alí, obrigáronlles a abandonarte aquí para que non descubriaras nada. Agora están intentando escapar de alí, pero necesitan a vosa axuda moi urxentemente -explicou a tía de Carlota.

- E como podemos axudar? -preguntou Lucas, atento á conversación.

- Pois o que tedes que facer é seguir este mapa que vos levará ata os pais de Carlota -dixo, mentres marchou lentamente -cando necesitedes axuda vide aquí.

- Mañá comezaremos, hoxe imos descansar e assimilar todo isto -propúxolle Lucas a Carlota.

- Paréceme xenial, temos moito que assimilar - contestoulle Carlota.

Ese día foron a visitar ao avó de Lucas, el sempre lle contaba historias de que vira un túnel máxico preto, foron a buscar axuda para seguir o mapa ao día seguinte.

- Avó, podes dicirnos se as historias que me contaras do túnel máxico son reais? - preguntoulle Lucas, ansioso, ao seu avó.

- Si, si que son reais, se queredes podo levarvos ata alí, o que pasa é que non me lembro ben, fai moito tempo dende que fun alí, lémbrome de que había un mapa, pero nunca chegou ás miñas mans - díxolles o avó intentándose lembrar do lugar.

- Pois alegraraste cando saibas que temos ese mapa e queremos que nos axudes a seguilo para axudar aos pais da miña amiga Carlota - contestou Lucas emocionado.

- Claro!, vide aquí mañá e comezaremos a buscar - despediuse o avó.

Á mañá seguinte, os nenos levantáronse cedo e xuntáronse ao avó de Lucas. Comezaron dende o punto de saída que era o lugar onde supostamente estaba a casa de Carlota. Dende alí, tiñan que dar 50 pasos cara ao leste e chegarían a un árbore cun tronco moi grosso. Despois, tiñan que dar 30 pasos cara ao sur e despois 80 pasos cara ao oeste. Así chegarían a un lago rodeado de herba e algúns arbustos. Terían que dar 2 voltas ao lago e facer o percorrido de volta, así actívase o túnel.

- Mirade aló! Estase abrindo xusto onde estaba a miña casa! - exclama Carlota contentísima.

- Si, é verdade! Correde, imos dentro! - exclamou Lucas.

- Rápido! Unha....dúas...e...tres! - contou o avó para adentrarse no túnel.

Estiveron 5 segundos dentro e saíron á casa de Carlota, pero esta vez á de verdade. Alí encontraron unha nota xigante que poñía: "Felicidades! Completáchedes a vosa misión con éxito"

Os nenos, confusos, preguntaron:

- Que misión? Onde están os meus pais? - preguntou Carlota.

- Iso! Que misión? - engadiu Lucas.

Estaban tan confusos que non sabían que máis dicir. Alí estaban os pais de Carlota, que foi correndo cara eles para darlles unha forte aperta.

- Isto non é outro mundo, é outra dimensión que nós creamos porque somos científicos. Pensamos como facer un reto no que a tía de Carlota e o avó de Lucas eran imprescindibles. Nós vivimos no mundo normal, só que votámoslle un líquido científico que fai as cousas transparentes. Levámolo planeando dende algúns meses atrás. O teu avó propúxome a idea, Lucas. Sodes moi listos e áxiles, e por suposto que non facemos isto para nada, hai unha razón... - explicaron os pais de Carlota.

- Que razón?! - preguntaron Lucas e Carlota.

- Pois hai unha recompensa... - seguiu a nai.

- Que premio? - preguntaron os nenos.

- Pois esta dimensión! - exclamou o avó.

- En serio? - preguntaron Lucas e Carlota.

- Non, o teu avó é un bromista, o que imos a darvos é esta libreta especial, é máxica - dixo o pai de Carlota.

- Esta dimensión é un proxecto que uns científicos nos encargaron - continuou a nai da nena - pero aproveitamos para facervos esta misión.

- E que ten de máxica? - preguntaron os nenos.

- Tédelo que descubrir vós, pero unicamente funciona cando estades xuntos - explicou a nai, deixando intrigados aos nenos.

Os nenos foron á casa de Lucas e decidiron debuxar unha bicicleta e ... xusto despois ... a bicicleta apareceu diante deles!

- Que guay! - exclamou Carlota.

- Acabamos de descubrir a maxia da libreta! - exclamou Lucas.

- Todo o que debuxamos aparece aquí! - gritou Carlota emocionada.

- Si, queres debuxar unha tartaruga? - preguntoulle Lucas a Carlota.

- Vale! Será a nosa mascota - contestoulle Carlota.

- Vou debuxala moi bonita! - aclarou Lucas. Uns segundos máis tarde ... apareceu a tartaruga.

- Que bonita! - exclamou Carlota.

- Si, é preciosa! - gritou Lucas.

Grazas a esta aventura os nenos fixéronse moi amigos e tiñan unha nova mascota. De maiores tiñan pensado abrir unha clínica veterinaria especializada en tartarugas xuntos. Foron moi felices e cumpriron o seu soño.

FIN